

# O MUIÑO VELLO

Antía vivía nun pequeno pobo, na ladeira dunha gran montaña. Este pobo chamado Grondado era precioso porque estaba repleto de bosques, leiras, ... pero, o máis importante era o muíño vello situado no medio dun bosque, ó pé dun regato. Sobre el pesaba unha lenda: Según contaban os máis anciáns do pobo, nese muíño había un frasco que contiña unha poción curatoria. Se a tomabas curábache de calquera tipo de enfermidade, pero estaba vixiada pola cobra negra, un terrible ser que si che mordía co seu colmillo de ferro, morrías en doce horas. De momento nunca ninguén conseguira facerse co frasco.

Antía vivía co seu avó porque non tiña máis familia ca el. Queríalle moito porque, a pesar de ser velliño, sempre emprendía aventuras con ela polo bosque ou lle contaba historias fantásticas.

Un chuvioso día de inverno seu avó caeu enfermo e, aínda que era unha nena, Antía buscou quen puideran curalo . Moitas persoas pasaron pola súa casa. A medida que ían pasando decatábanse de queningunha era capaz de buscarlle solución á enfermidade do seu avó, pero ela non perdía a esperanza. Acabaron de pasar todas e ningunha dou co remedio.

Antía deixou pasar uns días e ó ver que o seu avó non melloraba encheuse de valor e decidiu ir en busca da poción do muíño vello, da que tanta veces oira falar. Comentoullo a seu avó, e coa súa aprobación á mañá seguinte emprendeu a viaxe. Camiñou e camiñou ata que o fin chegou. O muíño era enorme ! Tiña dúas ventás tapadas cunhas táboas de madeira e unha porta vella. Petou e, no mesmo momento, saíu unha cobra negra que metía auténtico medo. Ao ver á rapaza mordeuna no brazo, sen darlle tempo a reaccionar, e volveu a entrar no muíño.

Antía escapou a correr ata chegar a un gran penedo e agochouse detrás. Empezou a chorar, non pola dor do brazo, senón porque non conseguira a poción e isto significaba que ela morrería en

corenta e oito horas e o seu avó non curaría da enfermidade. De tanto chorar quedouse durmida e ao espertar xa decatouse de que era moi tarde. Quíxose levantar apurada e notou que alguén a tocaba no ombreiro. Xirou a cabeza chea de medo e viu un ancián que parecía ser amable. El díxolle:

-Non chores nena que só che asustei porque pensaba que querías quitarme o meu fogar.

-Pero... se ti non me asustaches ? Foi a cobra negra – díxolle a rapaza.

-¡ Ah ! ... Eu chámome Antón e vivo no muíño vello; antes era menciñeiro e non tendo onde vivir apropiéime do muíño . Alí atopei un libro vello que resultou ser moi interesante, posúe fórmulas máxicas, unha delas é poder facerme pasar por cobra para asustar á xente. Pero... teño unha duda: se non querías sacarme o meu fogar , que era o que buscabas ? –preguntoulle o vello.

-Eu viña en busca da poción curatoria da que fala a xente porque meu avó está enfermo e nadie é capaz de curalo – explicou a nena.

-Non sei de que poción me falas, - comentou Antón.

-Conta a lenda de Grondado, onde eu vivo, que no muíño vello hai unha poción que cura calquera tipo de enfermidade , pero está vixiada pola cobra negra , un malicioso réptil que se che morde co seu colmillo de ferro morres en doce horas – dixo Antía.

-“Ah, claro, debía de ser por iso a razón pola que se acercaban aquí tantas persoas”. Pois non filla , esa poción non existe, pero non te desilusiones porque como xa che dixen, posúo o libro de poderes e podo curar ó teu avó.– díxolle o ancián.

- Tes que acompañarme á casa – díxolle a rapaza.

Cando chegaron á porta da casa, vírona chea de flores: coroas, ramos... e unha señora díxolles que o avó da rapaza morrera facía unhas horas.

No mesmo momento da señora acabar a frase , Antía caeu ao chan desmaiada . Os veciños da aldea e Antón levárona a un médico da aldea veciña que cando a examinou douse conta da mordedura que tiña no brazo e dixo que ante iso el nada podía facer. Antón, vendo que o mal entraba no campo do seu saber, preparou unha fórmula máxica e a nena espertou.

Antía non recordaba nada da morte do seu avó. A ningún veciño se lle ocorreu transmitir lle a desgraciada noticia e cando a nena preguntou díxéronlle que o levaran a unha cidade onde o puideran curar , pero que logo volvería.

Antía pedíulle a Antón que quedara con ela mentras o seu avó non regresaba pero os veciños pensaron que era mellor que a nena fose para un orfanato xa que Antón non dispoñía de medios para mantela.

Antón decidiu establecer un posto de pótimas na feira para reunir os cartos necesarios para facerse cargo da nena e, mentras tanto, ía visitala tódalas semanas.

Pasados uns meses, por fin, conseguiu os cartos. Reparou o muíño, preparou unha habitación e foi a buscar a Antía. Alí viviron, correron aventuras e por suposto ían tódalas mañás atender o seu posto da feira.

Antía sentíase moi feliz e nunca perdeu a esperanza de que seu avó regresara algún día.

Loreto Abalo Calo. Curso 2008-09